

*Avatares y perspectivas
del medievalismo ibérico*

Director de colección: Carlos Alvar



CONSEJO CIENTÍFICO DEL CILENGUA

El Director de la Real Academia Española, Prof. Santiago Muñoz Machado, presidente
El Director del Instituto Orígenes del Español, Prof. Claudio García Turza
El Director del Instituto de Historia de la Lengua, Prof. José Antonio Pascual
El Director del Instituto Literatura y Traducción, Prof. Carlos Alvar
Prof. Michael Metzeltin, Universidad de Viena (Austria)
Prof. Elena Romero, Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Prof. Mar Campos, Universidad de Santiago de Compostela
Prof. Juan Gil, Universidad de Sevilla y académico de la RAE
Prof. Aldo Ruffinatto, Universidad de Turín
Prof. Jean-Pierre Étienne, Universidad de París-Sorbona (París IV)
Prof. Javier Fernández Sebastián, Universidad del País Vasco
Prof. Miguel Ángel Garrido Gallardo, Consejo Superior de Investigaciones Científicas
El Director del Dpto. de Filologías Hispánica y Clásicas de la Universidad
de La Rioja, Prof. Francisco Domínguez Matito
Prof. Gonzalo Capellán de Miguel, Universidad de La Rioja, secretario.

*Avatares y perspectivas
del medievalismo ibérico*



Coordinado por ISABELLA TOMASSETTI

edición de ROBERTA ALVITI, AVIVA GARRIBBA,
MASSIMO MARINI, DEBORA VACCARI

con la colaboración de MARÍA NOGUÉS e ISABEL TURULL

cilengua

SAN MILLÁN DE LA COGOLLA
2019

COMITÉ CIENTÍFICO

<i>Carlos ALVAR</i> (<i>Université de Genève - Universidad de Alcalá</i>)	<i>Alejandro HIGASHI</i> (<i>Universidad Autónoma Metropolitana Iztapalapa</i>)
<i>Vicenç BELTRAN</i> (<i>Sapienza, Università di Roma</i>)	<i>José Manuel LUCÍA MEGLAS</i> (<i>Universidad Complutense</i>)
<i>Patrizia BOTTA</i> (<i>Sapienza, Università di Roma</i>)	<i>María Teresa MIAJA DE LA PEÑA</i> (<i>Universidad Nacional Autónoma de México</i>)
<i>María Luzdivina CUESTA TORRE</i> (<i>Universidad de León</i>)	<i>Maria Ana RAMOS</i> (<i>Universität Zurich</i>)
<i>Elvira FIDALGO</i> (<i>Universidade de Santiago de Compostela</i>)	<i>Maria do Rosário FERREIRA</i> (<i>Universidade de Coimbra</i>)
<i>Leonardo FUNES</i> (<i>Universidad de Buenos Aires</i>)	<i>Lourdes SORIANO ROBLES</i> (<i>Universitat de Barcelona</i>)
<i>Aurelio GONZÁLEZ</i> (<i>Colegio de México</i>)	<i>Cleofé TATO GARCÍA</i> (<i>Universidade da Coruña</i>)

COMITÉ ASESOR

Mercedes Alcalá Galán	Paloma Díaz-Mas	Gioia Paradisi
Amalia Arizaleta	María Jesús Díez Garretas	Óscar Perea Rodríguez
Fernando Baños	Antoni Ferrando	José Ignacio Pérez Pascual
Consolación Baranda	Anna Ferrari	Carlo Pulsoni
Rafael Beltran Llavador	Pere Ferré	Rafael Ramos
Anna Bognolo	Anatole Pierre Fuksas	Ines Ravasini
Alfonso Boix Jovaní	Mario Garvin	Roxana Recio
Jordi Bolòs	Michael Gerli	María Gimena del Río Riande
Mercedes Brea	Fernando Gómez Redondo	Ana María Rodado Ruiz
Marina Brownlee	Francisco J. Grande Quejigo	María José Rodilla León
Cesáreo Calvo Rigual	Albert Hauf	Marcial Rubio
Fernando Carmona	David Hook	Pablo E. Saracino
Emili Casanova	Eduard Juncosa Bonet	Connie Scarborough
Juan Casas Rigall	José Julián Labrador Herraiz	Guillermo Serés
Simone Celani	Albert Lloret	Dorothy Severin
Lluís Cifuentes Comamala	Pilar Lorenzo Gradín	Meritxell Simó Torres
Peter Cocozzella	Karla Xiomara Luna Mariscal	Valeria Tocco
Antonio Cortijo Ocaña	Elisabet Magro García	Juan Miguel Valero Moreno
Xosé Luis Couceiro	Antonia Martínez Pérez	Yara Frateschi Vieira
Francisco Crosas	M. Isabel Morán Cabanas	Jane Whetnall
María D'Agostino	María Morrás	Josep Antoni Ysern Lagarda
Claudia Demattè	Devid Paolini	Irene Zaderenko

Este libro se ha publicado gracias a una ayuda del Dipartimento di Studi europei, americani e interculturali (Sapienza, Università di Roma) y ha contado además con una subvención de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval.

Todos los artículos publicados en esta obra han sido sometidos a un proceso de evaluación por pares.

© *Cilengua. Fundación de San Millán de la Cogolla*

© *de la edición: Isabella Tomassetti, Roberta Alviti, Aviova Garribba,*

Massimo Marini, Debora Vaccari

© *de los textos: sus autores*

I.S.B.N.: 978-84-17107-86-4 (Vol. 1)

I.S.B.N.: 978-84-17107-87-1 (Vol. 2)

I.S.B.N.: 978-84-17107-88-8 (o.c.)

D. L.: LR 943-2019

IBIC: DCF DCQ DSBB DSC HBLC1

Impresión: Mástres Design

Impreso en España. Printed in Spain

ÍNDICE

VOLUMEN I

PRÓLOGO.....	xxi
I. ÉPICA Y ROMANCERO	25
Lope de Vega y el romancero viejo: a vueltas con <i>El conde Fernán González</i>	27
ROBERTA ALVITI	
La técnica y la función de lo cómico en la épica serbia y en la epopeya románica: convergencias y particularidades	51
MINA APIĆ	
«Pues que a Portugal partís»: fórmulas romancísticas en movimiento	63
TERESA ARAÚJO	
«Sonrisandose iva». Esuberanza giovanile e contegno maturo dell'eroe tra <i>Mocedades de Rodrigo e Cantar de mio Cid</i>	73
MAURO AZZOLINI	
Los autores de los romances	85
VICENÇ BELTRAN	
La permeabilidad de la materia cidiana en el ejemplo del <i>Cantar de Mio Cid</i>	109
MARIJA BLAŠKOVIĆ	
Discursos en tensión en las representaciones de Bernardo del Carpio	125
GLORIA CHICOTE	
Una nueva fuente para editar el Romancero de corte: «La mañana de San Juan» en MN6d	135
VIRGINIE DUMANOIR	

Fernán González, conquistador de Sepúlveda. Crónica y comedia, de la <i>Historia de Segovia</i> (1637) a <i>El castellano adalid</i> (1785)	151
ALBERTO ESCALANTE VARONA	
Desarrollo de tópicos, fórmulas y motivos en el Romancero Viejo: la muerte del protagonista	163
AURELIO GONZÁLEZ PÉREZ	
 II. HISTORIOGRAFÍA Y CRONÍSTICA.....	179
Linhagens imaginadas e relatos fundacionais desafortunados.....	181
ISABEL DE BARROS DIAS	
Crónicas medievales en los umbrales de la Modernidad: el caso de la <i>Crónica particular de San Fernando</i>	207
LEONARDO FUNES	
Il dono muliebri della spada e la <i>Primera Crónica General</i> : tracce iberiche di versioni arcaiche del <i>Mainet</i> francese.....	219
ANDREA GHIDONI	
La convergencia de historiografía y hagiografía en el relato del sitio de Belgrado (1456) en las <i>Bienandanzas e fortunas</i> de Lope García de Salazar	237
HARVEY L. SHARRER	
Las «vidas» de los papas en la <i>Historia de Inglaterra</i> de Rodrigo de Cuero	247
LOURDES SORIANO ROBLES - ANTONIO CONTRERAS MARTÍN	
Colegir y escribir de su mano: las funciones de fray Alonso de Madrid, abad de Oña, en la <i>Suma de las corónicas de España</i>	281
COVADONGA VALDALISO CASANOVA	
La expresión del amor en la <i>Crónica troyana</i> de Juan Fernández de Heredia.....	297
SANTIAGO VICENTE LLAVATA	
 III. LÍRICA TROVADORESCA.....	309
Da materia paleográfica á edición: algunhas notas ao fío da transcripción do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Portugal e do Cancioneiro da Vaticana	311
XOSÉ BIEITO ARIAS FREIXEDO	

<i>Numa clara homenagem aos nossos cancioneiros</i> . Eugénio de Andrade e la lirica galego-portoghese	329
FABIO BARBERINI	
Variantes gráficas y soluciones paleográficas: los códices de las <i>Cantigas de Santa María</i>	341
MARÍA J. CANEDO SOUTO	
A voz velada dos outros. Achegamento ao papel dos amigos na cantiga de amor.....	355
LETICIA EIRÍN	
Pergaminhos em releitura	369
MANUEL PEDRO FERREIRA	
Cuando las <i>Cantigas de Santa María</i> eran <i>a work in progress</i> : el Códice de Florencia	379
ELVIRA FIDALGO FRANCISCO	
Entre a tradición trobadoresca e a innovación estética: as cantigas de Nuno Eanes Cerzeo.....	389
DÉBORAH GONZÁLEZ	
Perdidas e achadas: <i>Cantigas de Santa María</i> no Cancioneiro da Biblioteca Nacional.....	399
STEPHEN PARKINSON	
Os sinais abreviativos no <i>Cancioneiro da Biblioteca Nacional</i> : tentativa de sistematização	411
SUSANA TAVARES PEDRO	
Formação do <i>Cancioneiro da Ajuda</i> e seu parentesco com ω e α	421
ANDRÉ B. PENAFIEL	
Tradição e inovação no cancionero de amigo de D. Dinis	439
ANA RAQUEL BAIÃO ROQUE	
Alfonso X ofrece una íntima autobiografía en sus <i>Cantigas de Santa María</i>	449
JOSEPH T. SNOW	
Los maridos de María Pérez <i>Balteira</i>	461
JOAQUIM VENTURA RUIZ	
Cuestiones de frontera: el Cancionero de Santa María de Terena de Alfonso X el Sabio (CSM 223, 275 y 319)	473
ANTONIA VÍÑEZ SÁNCHEZ	

IV. POESÍA RELIGIOSA Y DIDÁCTICA	483
Historia crítica de la expresión <i>mester de clerecía</i>	485
PABLO ANCOS	
Reelaboraciones de la leyenda de Teófilo en la península ibérica durante el siglo XIII	501
CARMEN ELENA ARMIJO	
La poesía del siglo XIV en Castilla: hacia una revisión historiográfica (III).....	515
MARIANO DE LA CAMPA GUTIÉRREZ	
De la estrofa 657 del <i>Libro de Alexandre</i> a procesos de reformulación / reiteración del calendario alegórico medieval en siglos posteriores. La función de la experiencia en la construcción de los motivos de los meses.....	527
SOFÍA M. CARRIZO RUEDA	
El sueño de Alexandre.....	539
MARÍA LUISA CERRÓN PUGA	
Las emociones de Apolonio.....	553
FILIPPO CONTE	
La representación literaria de la lujuria en los <i>Milagros de Nuestra Señora</i> : las metáforas de la sexualidad	569
NATACHA CROCOLL	
Las visiones de Santa Oria de Berceo y sus regímenes simbólicos.....	583
JAVIER ROBERTO GONZÁLEZ	
Notas sobre la reproducción en secuencias de la pseudoautobiografía erótica del <i>Libro de buen amor</i> : una propuesta de estudio	595
PEDRO MÁRMOL ÁVILA	
El cerdo: un motivo curioso en el <i>Poema de Alfonso Onceno</i>	609
MICHAEL MCGLYNN	
La métrica del <i>mester de clerezia</i> y sus “exigencias” en el proceso de reconstrucción lingüística.....	623
FRANCISCO PEDRO PLA COLOMER	
«Cuando se vido solo, del pueblo apartado...». Procesos de aislamiento virtuoso en tres poemas hagiográficos de Gonzalo de Berceo.....	637
ANA ELVIRA VILCHIS BARRERA	

Retórica del espacio sagrado en el contexto codicológico del Ms. Esc. K-III-4 (<i>Libro de Apolonio, Vida de Santa María Egipcíaca, Libro de los tres reyes de Oriente</i>)	649
CARINA ZUBILLAGA	
V. PROSA LITERARIA, DIDACTISMO Y ERUDICIÓN	659
Vida activa y vida contemplativa: una fuente de Rodrigo Sánchez de Arévalo	661
ÁLVARO ALONSO	
El milagro mariano en el siglo XVI: entre las polémicas reformistas y la revalidación católica	673
CARME ARRONS LLOPIS	
Nuevos testimonios de la biblia en romance en bifolios reutilizados como encuadernaciones	683
GEMMA AVENOZA	
Notas sobre el <i>Ceremonial</i> de Pedro IV de la Biblioteca Lázaro Galdiano.....	691
PATRICIA AZNAR RUBIO	
La descripción de la ciudad de El Cairo en cuatro viajeros medievales peninsulares de tradición musulmana, judía y cristiana.....	701
VICTORIA BÉGUELIN-ARGIMÓN	
¿Una vulgata para el <i>Libro de los doze sabios</i> ?	713
HUGO Ó. BIZZARRI	
Magdalena predicadora y predicada: de milagros y sermones en la Castilla de los Reyes Católicos	721
ÁLVARO BUSTOS	
Estudi codicològic del <i>Breviari d'amor</i> català: els fragments de la Universiteitsbibliotheek de Gant	735
IRENE CAPDEVILA ARRIZABALAGA	
Uso de las paremias y polifonía en el <i>Corbacho</i>	749
DANIELA CAPRA	
La 'profecía autorrealizadora' en la <i>Gran conquista de Ultramar</i> : entre estructura narrativa y construcción ideológica	759
PÉNÉLOPE CARTELET	
Educando mujeres y reinas	775
MARÍA DíEZ YÁÑEZ	

Els Malferit, una nissaga de juristes mallorquins vinculada a l'Humanisme (ss. xv-xvi)	791
GABRIEL ENSENYAT PUJOL	
Leer a Quinto Curcio en el siglo xv: apuntes sobre las glosas de algunos testimonios vernáculos	803
ADRIÁN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	
Aproximación comparativa entre las versiones hebreas y romances de <i>Kalila waDimna</i> . Su influencia en la obra de Jacob ben Eleazar	813
E. MACARENA GARCÍA - CARLOS SANTOS CARRETERO	
Escritura medieval, planteamientos modernos: <i>Católica impugnación</i> de fray Hernando de Talavera	823
ISABELLA IANNUZZI	
Ecos de Tierra Santa en la España medieval: tres peregrinaciones de leyenda	831
VÍCTOR DE LAMA	
«Menester es de entender la mi rrazón, que quiero dezir el mi saber»: i raccontì <i>Lac venenatum</i> , <i>Puer 5 annorum</i> e <i>Abbas</i> nel <i>Sendebar</i>	843
SALVATORE LUONGO	
Os pecados da língua no <i>Livro das confissões</i> de Martín Pérez	857
ANA MARIA MACHADO	
De Afonso X a Dante: os caminhos do <i>Livro da Escada de Maomé</i> pela Europa	867
FERNANDA PEREIRA MENDES	
El <i>Libro de los gatos</i> desde la perspectiva crítica actual. Algunas consideraciones sobre su estructura	875
JUAN PAREDES	
Entre el <i>adab</i> y la literatura sapiencial: <i>El príncipe y el monje</i> de Abraham Ibn Hasday	887
RACHEL PELED CUARTAS	
Prácticas de lectura femeninas durante el reinado de los Reyes Católicos: los paratextos	895
MARTINA PÉREZ MARTÍNEZ-BARONA	
La Roma de Pero Tafur	911
MIGUEL ÁNGEL PÉREZ PRIEGO	

La teoría de la <i>amplificatio</i> en la retórica clásica y las <i>artes poetriae</i> medievales	921
MARUCHA CLAUDIA PIÑA PÉREZ	
Los estudios heredianos hoy en perspectiva.....	935
ÁNGELES ROMERO CAMBRÓN	
Para una nueva <i>recensio</i> del <i>Libro del Tesoro</i> castellano: el ms. Córdoba, Palacio de Viana-Fundación CajaSur, 7017.....	945
LUCA SACCHI	
A história da espada quebrada: uma releitura veterotestamentária	955
RAFAELA CÂMARA SIMÕES DA SILVA	
Il motivo del “concilio infernale”: presenze in area iberica fra XIII e XVI secolo.....	965
LETIZIA STACCIOLI	

VOLUMEN II

VI. LÍRICA BAJOMEDIEVAL Y PERVIVENCIAS	997
La <i>Cántica Espiritual</i> de la primera edición de las poesías de Ausiàs March.....	999
RAFAEL ALEMANY FERRER	
Contexto circunstancial y dificultades textuales en un debate del <i>Cancionero de Baena</i> : ID1396, PN1-262, «Señor Johan Alfonso, muy mucho me pesa»	1015
SANDRA ÁLVAREZ LEDO	
«Se comigo nom m'engano»: Duarte da Gama entre sátira y lirismo	1029
MARIA HELENA MARQUES ANTUNES	
«Las potencias animadas son de su poder quitadas»: el amor como potencia en la poesía amorosa castellana del siglo XV	1039
MARÍA LUISA CASTRO RODRÍGUEZ	
<i>Viendo estar / la corte de tajos llena</i> . Los mariscales Pero García de Herrera e Íñigo Ortiz de Estúñiga y la gestación y difusión de la poesía en el entorno palatino a comienzos del siglo XV	1055
ANTONIO CHAS AGUIÓN	
El inframundo mítico en un <i>Dezir</i> del Marqués de Santillana	1069
MARÍA DEL PILAR COUCEIRO	
As línguas do <i>Cancioneiro Geral</i> de Garcia de Resende.....	1085
GERALDO AUGUSTO FERNANDES	

Rodrigo de Torres, Martín el Tañedor y un hermano de este: tres poetas del <i>Cancionero de Palacio</i> (SA7) pretendidamente menores	1097
MARÍA ENCINA FERNÁNDEZ BERROCAL	
Una definición de amor en el Ms. Corsini 625	1109
AVIVA GARRIBBA	
Las ediciones marquiánas de 1543, 1545 y 1555: estudio de variantes	1121
FRANCESC-XAVIER LLORCA IBI	
La poesía de Fernán Pérez de Guzmán en el <i>Cancionero General</i> de 1511: selección y variaciones	1135
MARIA MERCÈ LÓPEZ CASAS	
Los tópicos del mal de amor y de la codicia femenina en dos poemas del Ms. Corsini 625.....	1153
MASSIMO MARINI	
Els <i>Cants de mort</i> : textos i contextos	1167
LLÚCIA MARTÍN - MARIA ÀNGELS SEQUERO	
<i>Recensio</i> y edición crítica de testimonios únicos: la poesía profana de Joan Roís de Corella.....	1179
JOSEP LLUÍS MARTOS	
Los poemas en gallego de Villasandino: notas para un estudio lingüístico	1191
ISABELLA PROIA	
Elaboración de una lengua poética y <i>code-mixing</i> : en torno a la configuración lingüística del corpus gallego-castellano	1205
JUAN SÁEZ DURÁN	
Figurações do serviço amoroso: Dona Joana de Mendonça no teatro da corte.....	1217
MARIA GRACIETE GOMES DA SILVA	
Mutilación y (re)creación poética: las «letras» y «cimeiras» del <i>Cancioneiro Geral</i> de Garcia de Resende (1516).....	1227
SARA RODRIGUES DE SOUSA	
Juan de la Cerda, un poeta del siglo XIV sin obra conocida	1239
CLEOFÉ TATO	
Diego de Valera y la <i>Regla de galanes</i> : una atribución discutida.....	1259
ISABELLA TOMASSETTI	
Juan Agraz a través de los textos.....	1271
JAVIER TOSAR LÓPEZ	

Una <i>batalla de amor</i> en el Ms. Corsini 625	1283
DEBORA VACCARI	
VII. PROSA DE FICCIÓN	1299
La guerra de sucesión de Mantua: ¿una fuente de inspiración para la <i>Crónica do Imperador Beliadro</i> ?	1301
PEDRO ÁLVAREZ-CIFUENTES	
Tempestades marinas en los libros de caballerías	1313
ANNA BOGNOLO	
Construcción narrativa y letras cancioneriles en libros de caballerías hispánicos	1325
AXAYÁCATL CAMPOS GARCÍA ROJAS	
La oscura posteridad de Juan Rodríguez del Padrón	1339
ENRIC DOLZ FERRER	
Melibeia, personaje transfuncional del siglo xx	1349
JÉROMINE FRANÇOIS	
Fortuna y mundo sin orden en <i>La Celestina</i> de Fernando de Rojas	1363
ANTONIO GARGANO	
Paternidades demoníacas y otras diablerías tardomedievales en la edición burgalesa del <i>Baladro del sabio Merlin</i>	1383
SANTIAGO GUTIÉRREZ GARCÍA	
Lanzarote e le sue emozioni	1393
GAETANO LALOMIA	
El fin de Merlín a través de sus distintas versiones	1409
ROSALBA LENDO	
Memoria y olvido en <i>La Celestina</i>	1425
MARÍA TERESA MIAJA DE LA PEÑA	
La <i>Historia del valoroso cavallier Polisman</i> de Juan de Miranda (Venezia, Zanetti, 1573)	1437
STEFANO NERI	
<i>Pierres de Provença</i> : l'odissea genèrica d'una novel·leta francesa	1447
VICENT PASTOR BRIONES	

Pieles para el adorno. Los animales como material de confección en los libros de caballerías.....	1459
TOMASA PILAR PASTRANA SANTAMARTA	
El público de las traducciones alemanas de <i>Celestina</i>	1473
AMARANTA SAGUAR GARCÍA	
Bernardo de Vargas, autor de <i>Los cuatro libros del valeroso caballero</i> <i>D. Cirongilio de Tracia</i> . ¿Una biografía en vía de recuperación?.....	1483
ELISABETTA SARMATI	
La Làquesis de Plató i la Làquesis del <i>Curial</i>	1493
ABEL SOLER	
«No queráys comer del fruto ni coger de las flores»: el <i>Jardín de hermosura</i> de Pedro Manuel de Urrea como subversión	1505
MARÍA ISABEL TORO PASCUA	
 VIII. METODOLOGÍAS Y PERSPECTIVAS	 1515
Los problemas del traductor: acerca del <i>Nycticorax</i>	1517
CARLOS ALVAR	
Los <i>Siete sabios de Roma</i> en la imprenta decimonónica: un ejemplo de reescritura en pliegos de cordel.....	1527
NURIA ARANDA GARCÍA	
<i>Universo Cantigas</i> : el editor ante el espejo.....	1541
MARIÑA ÁRBOR ALDEA	
Las ilustraciones de <i>Las cien nuevas nouvelles</i> (<i>Les Cent Nouvelles nouvelles</i>): del manuscrito a los libros impresos	1555
MARÍA CRISTINA AZUELA BERNAL	
Traducciones, tradiciones, fuentes, <i>στέμματα</i>	1565
ANDREA BALDISSERA	
Para un mapa de las cortes trovadorescas: el caso catalano-aragonés	1587
MIRIAM CABRÉ - ALBERT REIXACH SALA	
De <i>La gran estoria de Ultramar</i> manuscrita, a <i>La gran conquista de Ultramar</i> impresa (1503): una nueva <i>ordinatio</i>	1599
JUAN MANUEL CACHO BLECUA	

La traducción de los ablativos absolutos latinos de las <i>Prophetiae Merlini</i> en los <i>Baladros</i> castellanos.....	1615
ALEJANDRO CASAIS	
O portal <i>Universo Cantigas</i> : antecedentes, desenvolvimiento e dificultades.....	1633
MANUEL FERREIRO	
La <i>Historia de la doncella Teodor</i> en la imprenta de los Cromberger: vínculo textual e iconográfico con el <i>Repertorio de los tiempos</i>	1645
MARTA HARO CORTÉS	
Puntuación y lectura en la Edad Media.....	1663
ALEJANDRO HIGASHI	
La tradición iconográfica de la <i>Tragicomedia de Calisto y Melibea</i> (Zaragoza: Pedro Bernuz y Bartolomé de Nájera, 1545)	1685
MARÍA JESÚS LACARRA	
El <i>stemma</i> de <i>La Celestina</i> : método, lógica y dudas.....	1697
FRANCISCO LOBERA SERRANO	
Editar a los clásicos medievales en el siglo XXI	1717
JOSÉ MANUEL LUCÍA MEGÍAS	
Nuevos instrumentos para la filología medieval: <i>Cançoners DB</i> y la <i>Biblioteca Digital Narpan-CDTC</i>	1729
SADURNÍ MARTÍ	
De copistas posibilistas y destinatarios quizás anónimos: estrategias, manipulaciones y reinterpretaciones en traducciones medievales.....	1739
TOMÀS MARTÍNEZ ROMERO	
Alcune riflessioni sulle locuzioni «galeotto fu» e «stai fresco».....	1763
EMILIANA TUCCI	
<i>Universo de Almouro</i> : Base de datos de la materia caballeresca portuguesa. Primeros resultados.....	1775
AURELIO VARGAS DÍAZ-TOLEDO	

A VOZ VELADA DOS OUTROS. ACHEGAMENTO AO PAPEL DOS AMIGOS NA CANTIGA DE AMOR¹

LETICIA EIRÍN
Universidade da Coruña

I. CUESTIÓNS PREVIAS

Fronte á cantiga de amigo galego-portuguesa, en cuxos versos encontramos múltiples destinatarios como as irmás, a nai, os elementos da natureza ou as amigas, no xénero de amor esta diversidade non está presente. Os actantes –se seguimos a terminoloxía estruturalista de Greimas²– fican, na maior parte das ocasións, reducidos a dous, o namorado e a *senhor*, moradores dun espazo poético onde semellan non seren admitidos de bo grado outros personaxes nin ningún tipo de elemento accesorio.

No traballo publicado por Jean-Marie D’Heur³ xa nos anos 70 do pasado século, comprobamos como case a metade do conxunto das composicións de amor –unhas 338 de máis de 700–, están dirixidas á *senhor*, outras 300 están destinadas a un auditorio indeterminado, mentres que entre as 72 restantes achamos a seguinte distribución: en 11 o trovador apela a Deus, en 6 ao Amor, en 2 aos seus ollos, e 2 son tamén as composicións nas cales o namorado destina o seu discurso ao corazón,

1. Este traballo inscríbese no proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa. III. Edición crítica dixital das cantigas de amor* (FFI2015-63523-P), subsidiado polo Ministerio de Economía e Competitividade.
2. Algirdas Julien Greimas, *Semántica estrutural. Investigación metodolóxica* [1966], Madrid, Gredos, 1976, pp. 263-293.
3. Jean-Marie D’Heur, *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII^e-XIV^e siècles). Contribution à l’étude du «Corpus des Troubadours»*, Liège, Université de Liège, 1975, pp. 267-339.

a un mensaxeiro e a un amigo, en canto nunha única cantiga Pero Goterrez dirixe o seu discurso ao «senhor rei de Portugal» que, na altura, sería probabelmente o tamén trobador Don Denis. Por último, ficaría o grupo que nos interesa como punto de partida neste estudo, constituído por 46 composicións da autoría de 27 trobadores diferentes en que os versos da voz poética son destinados aos seus amigos, cuestión que é expresada en todos os casos a través do apóstrofe «amigos» ou «meus amigos», cuxa casuística e distribución tamén recolle D'Heur⁴.

2. CANTIGAS DIRIXIDAS AOS AMIGOS

Trátase, como mostran os datos que vimos de referir, dun conxunto de textos bastante amplo⁵. Se tomamos como exemplo, debido á súa rendibilidade e representatividade cuantitativa neste sentido, as nove cantigas que D'Heur inclúe aquí pertencentes ao cancionero do trobador Pero Garcia Burgales, constatamos como en varias delas o namorado se dirixe aos seus amigos para desabafar, para aliviar as penas de amor pola súa dama, isto é, para lles contar os seus pesares, a modo de confidentes. No texto que reproducimos a seguir, o trobador dilles que se soubese o que ía sufrir, tería evitado coñecer á súa *senhor*, pois perde o xuízo máis de mil veces ao día, morre por ela e non ten valor para lle confesar o seu amor, porque cando está na súa presenza esquece todo o que tiña pensado dicirlle; conclúe engadindo na *finda* que se Deus lograra que ela lle concedese o seu ben, renunciaría mesmo ao Paraíso. Por outra banda, Simone Marcenaro⁶, o último editor do cancionero

4. D'Heur, *Recherches*, ob. cit., pp. 327-329.

5. Na realidade este número vese levemente ampliado, pois á sistematización e contaxe de D'Heur fuxiu algunha cantiga en que o apóstrofe «amigos» ou «meus amigos» aparece nos versos centrais ou finais do texto, como é o caso de *Muitos me dizem que servi doado* (D'Heur 374 / Tavani 9,7) de Afonso Sanchez. O avance dos tempos e dos coñecementos posibilitou que hoxe en día contemos con portais como os seguintes que facilitan as procuras e fornecen datos exactos:

a) *Base de Datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa (MedDB)* [base de datos en liña]. Versión 3.3, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Enlace: <http://www.cirp.gal/meddb>.

b) Graça Videira Lopes - Manuel Pedro Ferreira *et al.*, *Cantigas Medievais Galego Portuguesas [base de dados online]*, Lisboa, Instituto de Estudos Medievais-FCSH/NOVA. Enlace: <http://cantigas.fch.unl.pt>.

c) Manuel Ferreiro (dir.), *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa*, Universidade da Coruña, 2014-. Enlace: <http://glossa.gal> [Será integrado no portal *Universo Cantigas*, de próxima aparición].

6. Simone Marcenaro, *Pero Garcia Burgales. Canzoniere: Poesie d'amore, d'amico e di scherno*, Alessandria, Edizioni dell'Orso, 2012, p. 165.

do Burgales⁷, considera que a connotación alocutiva é a que condiciona a continua reiteración dos apóstrofes «amigos» (vv. 5, 8, 13, 16, 27) e «meus amigos» (v. 11):

Se eu soubesse, u eu primeiro vi
a mia senhor e meu lumè meu ben,
que tanto mal me verria por én
como me ven, guardara-me log'i
de a veer, amigos; pero sei 5
ca nunca vira nen vi nen verei
tan fremosa dona com'ela vi.

Mais, amigos, mal dia fui por mí,
pois me por ela tan gran cuita ven 10
que ben mil vezes no dia me ten,
meus amigos, desjuigad'assi
que niun sén nen sentido non ei,
e quand'acordo, amigos, non sei
niun conselho pois aver de mí.

En tal coita qual m'oides dizer 15
me ten, amigos, si Deus me perdon,
des que a vi (que non visse!), ca non
vi nunca dona tan ben parecer
nen tan fremoso nen tan ben falar:
por tal dona, qual m'oides contar, 20
moir'eu e non lhe posso ren dizer,

ca, se a posso algũa vez veer,
quanto cuid'ante no meu coraçõ
ca lhe direi escaece-m'enton,
ca mi-o faz ela tod'escaecer: 25
tanto a vejo fremoso falar
e parecer, amigos, que nembrar
non me posso senon de a veer.

7. Véxase tamén a edición de Pierre Blasco, *Les chansons de Pero Garcia Burgalès, troubadour galicien-portugais du XIII^e siècle*, Paris, Fondation Calouste Gulbenkian-Centre Culturel Portugais, 1984.

E, se me Deus quisesse dar seu ben
 dela, ja lh'eu quitaria por én 30
 seu parais'e outro ben-fazer.

Pero Garcia Burgales (D'Heur 178 / Tavani 125,48)

Outro dos asuntos principais neste conxunto de textos en que comparece a antedita fórmula exhortativa é o relacionado co segredo amoroso, a ocultación do nome da *senhor*, un dos núcleos fundamentais do campo sémico da reserva da dama, establecido por Tavani⁸ para a cantiga de amor. Tomando novamente como mostra outra paradigmática composición de Pero Garcia Burgales, percibimos como a voz poética continúa dirixíndose aos compañeiros para lles expresar a súa coita e a consecuente morte de amor, advertíndoos de que non revelará a identidade da súa dama, para a seguir anunciar que lles dirá cousas sobre ela, mais acabar describíndoa dun modo totalmente tópico e estereotipado como a máis bela e virtuosa das mulleres —a través das hipérbolés *a máis fremosa que no mund'á* e *máis comprida de tod'outro ben*—, e xogando continuamente co horizonte de espera do lector/ouvinte (*mais tanto vos direi én / máis vos direi ja*), efecto ao que coaduxvan a iteración da forma en futuro do verbo (*direi*), así como a repetición de *máis* (adverbio no primeiro caso) e *mais* (conxunción adversativa no segundo):

Meus amigos, direi-vos que m'aven
 e como moir'e conselho non ei
 por ùa dona; mais non vos direi
 seu nome, mais tanto vos direi én:
 ést'a máis fremosa que no mund'á,
 e, meus amigos, máis vos direi ja:
 é máis comprida de tod'outro ben.

Pero Garcia Burgales (D'Heur 186 / Tavani 125,23)

Debemos tamén reparar nun texto de Joan Fernandez d'Ardeleiro⁹ que presenta certas peculiaridades no marco do canon xenérico, probabelmente por se tratar

8. Giuseppe Tavani, *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1991³, pp. 118-123.

9. Para esta cantiga véxase María del Carmen Rodríguez Castaño, «Una cantiga de amor de Johan Fernandez D'Ardeleyro», en *Actas del VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, ed. J. M. Lucía Megías, Madrid, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Alcalá, 1997, II, pp. 1315-1334.

dun autor tardío dentro da cronoloxía da escola trobadoresca galego-portuguesa, circunstancia que dalgún modo pode explicar esas «anomalías» ou ese distanciamento a respecto das pautas habituais na cantiga de amor. Neste caso a pregunta dos amigos –ausentes no contexto comunicativo¹⁰– ocupa os tres primeiros versos e é transmitida en estilo indirecto polo propio namorado, mentres que o resto da composición, que contén a resposta do trobador, aparece en estilo directo e se refire á necesidade ineludíbel de ver a súa dama, pois, como sabemos, «a súa imposibilidade (...) constitui-se num dos principais motivos de sofrimento, e em consequência da morte de amor»¹¹. Por outra parte, e novamente de modo contrario ao que é preceptivo no xénero, o trobador fai referencia a datos biográficos concretos, como que vivía en Portugal, onde era moi desafortunado:

A mí dizen quantos amigos ei
 por que vivo tan muit'en Portugal,
 ca muit'á ja que non fig'i mia prol.
 Digo-lhis eu: «Como é vos eu direi,
 meus amigos, non mi-o digades sol,
 ca mia prol é de viver eu u vir
 vel ũa vez a que vi por meu mal.

E a est'oje, quanto ben eu ei,
 nen me digades, amigos, i al,
 ca enquant'eu poder veer os seus
 olhos, meu dano ja nunca farei,
 mais mia gran prol; vedes por que, par Deus:
 ca me querra matar se m'en partir
 esta gran coita que me nunca fal».

Joan Fernandez d'Ardeleiro (D'Heur 1345 / Tavani 68,1)

Alén destes aspectos, a análise pormenorizada das 46 cantigas recollidas por D'Heur en que o trobador se dirixe aos amigos ofrécenos un dato fundamental: en ningún caso estes últimos ofrecen unha resposta ou comentario ás

10. Rodríguez Castaño, «Una cantiga...», art. cit., p. 1324.

11. José António Souto Cabo, «Do bom parecer à morte de amor; considerações sobre a contemplação da “senhor” na cantiga de amor», en *Simpósio Internacional Mulher e Cultura*, ed. A. Marco, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1993, pp. 25-42, cit. p. 30.

confidencias do poeta, e nunca fica reflectida a voz deles, de maneira que é a mensaxe do poeta-namorado a única que vehicula o discurso.

Na lírica provenzal a exhortación aos amigos, aos *companho*, é moito máis circunstancial do que en ámbito galego-portugués, pois os textos en que o trobador se dirixe a eles non superan a decena; por súa parte, o papel que cumpren os compañeiros fica practicamente restrinxido a seren receptores do discurso do suxeito poético, xa que nalgúns ocasións non podemos dicir que cheguen a acadar a condición de confidentes, como si acontece na nosa escola. Guilhem de Peitieu, o primeiro trobador, destina tres dos seus textos¹² aos seus amigos, entre eles o coñecido *Companho, farai un vers qu'èr covinen* (183,3), de carácter xocoso, mais semella que a medida que avanza a cronoloxía da escola estas composicións dirixidas aos *companho* van facéndose cada vez máis raras e escasas até desapareceren, xa que os exemplos que rexistramos foron compostos nos séc. XI e XII. Neste sentido, podería resultar moi significativa unha interpretación destes datos desde o punto de vista de cal era o público dos trobadores e como este puido ir evolucionando.

3. A VOZ COLECTIVA DOS AMIGOS

Temos que particularizar outra tipoloxía textual, que agrupa un número de cantigas bastante reducido nas cales o suxeito poético non se dirixe aos seus compañeiros mais si se nos transmite a voz destes. É o caso do seguinte texto de Joan Airas de Santiago en que se produce unha interpelación dos amigos ao namorado sobre a situación do seu «romance» coa *senhor*:

(...)
 Os meus amigos, con que vou
 falar, me preguntan assi:
 con mia senhor, com'eu estou?
 E non sei que lhis diga i:
se disser «ben», mentir-lhis-ei;
[tan mal é que o non direi].

Mais, pois dela ben non ei,
 preguntar-m'-an e calar-m'-ei.

Joan Airas de Santiago (D'Heur 945 / Tavani 63,18)

12. Véxase Martín de Riquer, *Los trovadores. Historia literaria y textos* [1975], Barcelona, Ariel, 2001, I, pp. 128-132.

Porén, non se trata da xa referida e tan habitual pregunta no grupo de cantigas previo a propósito da identidade da dama pois, tal e como indica José Luís Rodríguez¹³ na súa edición do cancionero do trobador, Joan Airas renova nestes versos o tema do segredo amoroso dándolle un ton realista¹⁴ en relación ao contexto galego-portugués. Temos de ter presente que en ámbito provenzal esa lei do silencio a respecto do nome da muller tiña a función de protexer a situación xurídico-social da *midons*, que era sempre unha muller casada e pertencente a un status social alto, mais isto non acontece na nosa escola, razón pola cal os amigos do trobador non se interesan aquí pola identidade da dama, senón polo estado da súa relación (*me preguntan assi: / con mia senhor, com'eu estou?*), e perante tal cuestión o namorado, dado o seu absoluto fracaso, decide non mentir e gardar silencio, como recolle a *fiinda*.

Na cantiga *Dizen-mi a mí quantos amigos ei* (D'Heur 966 / Tavani 63,22), igualmente debida a Joan Airas, a voz dos amigos ten a función de aconsellar o propio namorado; recoméndanlle que se afaste da dama para así deixar de padecer por ela, ao que el responde no refrán que sempre viviu lonxe dela e, aínda así, nunca deixou de sufrir coita de amor. En relación a isto, debemos reparar no equívoco que atinxe aos vocábulos *alongar* – *alongado* (obxecto ademais do políptoto), pois nos versos 3 e 14 os amigos aluden á distancia física, mentres que o poeta no refrán fai referencia á distancia espiritual de si propio en relación á muller que ama¹⁵.

Debemos tamén notar a perfecta *dispositio* da cantiga, que ademais é unha *ateúda até a fiinda*. Os tres primeiros versos de cada cobra recollen de modo indirecto as palabras dos amigos, e o refrán –os dous últimos versos de cada estrofa, que se prolongan até á metade do primeiro verso da cobra seguinte– comprende a resposta en estilo directo do poeta-namorado. Nesta estrutura entra tamén en xogo a colocación paralelística en cada agrupación estrófica do verbo *dicendi* en terceira persoa do plural no verso 1 (*dizen*, que ten como suxeito os amigos) e en primeira persoa do singular no verso 4 (*digo*, referido ao suxeito poético):

13. José Luís Rodríguez, *El cancionero de Joan Airas de Santiago. Edición y estudio*, Santiago de Compostela, Secretariado de publicacións da Universidade de Santiago, 1980, pp. 58-59.

14. José Luís Rodríguez aclara que probabelmente por ser demasiado realista esta renovación temática non tuvo continuadores (Rodríguez, *El cancionero*, ob. cit., p. 59).

15. Rodríguez, *El cancionero*, ob. cit., pp. 126-127.

Dizen-mi a mí quantos amigos ei
 que nunca perderei coita d'amor
 se m'eu non alongar da mia senhor;
 e digo-lhis eu como vos direi: 5
*«Par Deus, sempr'eu alongado vevi
 dela e do seu ben, e non perdi*

coita d'amor». Pero dizen que ben
 farei eu mia fazenda de viver
 longi dela, que mi non quer valer;
 mais de tal guisa lhis dig'eu por én: 10
*«Par Deus, sempr'eu alon[gado vevi
 dela e do seu ben, e non perdi]*

coita d'amor». Pero dizen que non
 poss'eu viver se me non alongar 15
 de tal senhor, que se non quer nembrar
 de min; mais digo-lhis eu log'enton:
*«Par Deus, sempr'eu [alongado vevi
 dela e do seu ben, e non perdi]*

coita d'amor, nen alhur nen ali
 non lhi guarrei, ca muito lhi guari». 20

Joan Airas de Santiago (D'Heur 966 / Tavani 63,22)

A mesma distribución dos discursos indirecto e directo, dos amigos e do trobador respectivamente, achámola nesta composición de Meen Rodriguez de Briteiros. Nela os compañeiros infórmano do feito de á dama producirlle desagrado o amor que o poeta sente por ela, ao que el responde que lle guste ou non á *senhor*, non pode deixar de o sentir así.

Veeron-me meus amigos dizer
 d'ũa dona, porque lhi quero ben,
 que lhi pesava mui de coraçõn,
 des i que lh'er pesa de a servir;
 dix'eu: «Amigos, ben pode seer,
 mais, quer lhi pes, quer lhi praza, ja non

me pos[s]'end'eu per nulha ren partir».

Meen Rodriguez de Briteiros (D'Heur 854 / Tavani 100,3)

Especial mención merece *Ai mia senhor, veen-me conselhar* (D'Heur 331 / Tavani 131,2), cantiga debida ao trobador Pero Mafaldo¹⁶, pois se trata do único caso en todo o *corpus* de amor galego-portugués en que a voz dos amigos se presenta en estilo directo. No texto o poeta diríxese á dama e dille que os seus compañeiros lle aconsellan que non a sirva, pois ela nunca o tivo en conta, mais el non quere desistir de o facer e de a chamar *senhor*, e ela debe decidir o que considera mellor; os amigos insisten na súa opinión e recomendación, mais o namorado cre que ese amor só lle fixo ben, engadindo na *finda* que os amigos son maos conselleiros, de maneira que el fará o contrario do que lle recomendan:

Ai mia senhor, veen-me conselhar
meus amigos como vos eu disser:
que vos non sérvia, ca non m'é mester,
ca nunca ren por mí quisestes dar;
pero, senhor, non m'én quer'eu quitar 5
*de vos servir e vos chamar «senhor»,
e vós faredes depoi-lo melhor!*

E todos dizen que fiz i mal sén,
ai mia senhor, de quanto comecei 10
de vos servir; e non os creerei,
mentr'eu viver, nunca, por ña ren:
ca, mia senhor, que mi fez é[n] mui ben
*de vos servir e vos [chamar «senhor»,
e vós faredes depoi-lo melhor!]*

E máis me dizen do que me vos deu 15
por mia senhor: que mi fez i gran mal;
pois m'esto dizen, dizen-m'assi al:
«Non a serviádes nen sejades seu».

16. A respecto desta composición remitimos para Leticia Eirín García - Manuel Ferreiro, *O Cancioneiro de Pero Mafaldo. Edición crítica*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2014, pp. 19-30.

Por tod'esto non me partirei eu
de vos servir [e vos chamar «senhor», 20
e vós faredes depoi-lo melhor!]

E, mia senhor, conselha-me mui mal
 quen mi-o conselha, mais farei-m'eu al.

Pero Mafaldo (D'Heur 331 / Tavani 131,2)

Outra das singularidades da cantiga é que acompañando á propia voz poética comparecen tamén a dama e os amigos, presenzas ambas que fican destacadas xa no exordio do texto (*Ai mia senhor, veen-me conselhar / meus amigos...*). Continuándonos coa *dispositio*, vemos como presenta unha organización dos contidos moi semellante a un dos textos previamente citados, *Dizen-mi a mí quantos amigos ei* de Joan Airas: as recomendacións e críticas dos amigos ocupan boa parte do corpo da estrofa (vv. 1-4), o verso 5 introduce o refrán, que por súa vez inclúe as intencións do namorado e o desexo ou a esperanza de que ela lle outorgue o seu ben (vv. 6-7), disposición que se repite nas outras dúas cobras.

A voz dos amigos acada un ton claramente reprobatorio a respecto do comportamento e do servizo que o trovador vén ofrecendo á dama, tal e como se nos transmite directamente no verso 18 («Non a serviádes nen sejadés seu»), o que fai que ese colectivo actúe como un conxunto antagónico, de opoñentes –adoptando, máis unha vez, a terminoloxía de Greimas¹⁷– papel que noutras cantigas de amor cumpren Deus ou o Amor personificado, en canto responsábeis da visión da dama por parte do trovador e, en consecuencia, do seu namoramento e inherente coita de amor. Mais tal situación, os desacordos entre o namorado e os seus amigos, propiciarían moi probabelmente unha perturbación na relación de amizade que levaría a un distanciamento entre un e outros, revelada no texto do trovador portugués a través do modo en que os amigos son denominados. Así, prodúcese unha evidente gradación que vai de *meus amigos* (v. 2), título que aparece no exordio, pasa polo indefinido *todos* (v. 8), que engloba ao colectivo na segunda estrofa, para acabar facendo uso da forma verbal *dizen* (vv. 15 e 17), con carácter impersoal, e do indeterminado *quen* (v. 23) xa no último verso da *fiinda*.

Desexamos, por último, dentro deste conxunto de cantigas que transmite a voz dos amigos, facer referencia a outros dous textos. No primeiro, *[V]eeron-m'ora preguntar* (D'Heur 327 / Tavani 40,11) de Fernan Fernandez Cogominho, os

17. Greimas, *Semántica*, ob. cit., pp. 273-275.

amigos preguntanlle ao namorado por que perdeu o xuízo, ao que el responde que foi por causa da súa sobriña. Como vemos, revela a identidade da súa *senhor*, separándose así do canon do xénero amoroso, razón pola cal varios dos especialistas¹⁸ que teñen traballado nas últimas décadas sobre este tipo de fronteiras xenéricas pasaron a considerala un escarnio de amor, mentres que por exemplo Graça Videira Lopes a incluíu na súa edición das *Cantigas d'escárnio e maldizer dos trovadores e jograis galego-portugueses*¹⁹, se ben no portal das *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas*²⁰ –do cal é tamén responsábel xunto a Manuel Pedro Ferreira–, aparece como pertencente a un «xénero incerto»²¹:

[V]eeron-m'ora preguntar
meus amigos por que perdi
o sén; [e] dixi-lhis assi,
ca o non pudi [m]áis negar:
*«A mia sobrinha mi tolheu
o sén, por que ando sandeu».*

Fernan Fernandez Cogominho (D'Heur 327 / Tavani 40,11)

O tema da loucura, xunto ao recorrente tópico do segredo sobre a identidade da dama, está tamén presente en Nuno Fernandez Torneol (D'Heur 170 / Tavani 106,15), e máis unha vez son os amigos os que lle preguntan ao namorado por que «anda sandeu», respondendo el que está así pola súa *senhor*, a «melhor dona» que el viu, como é reiterado no refrán:

Preguntan-me por que ando sandeu,

18. Remitimos para os seguintes estudos: Ignacio Rodiño Caramés, «Escarnio de amor. Caracterización e corpus», en *Actes del VII Congrès de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval*, eds. S. Fortuño Llorens, T. Martínez Romero, Castelló de la Plana, Publicacions de la Universitat Jaume I, 1999, III, pp. 245-262; Santiago Gutiérrez, *Amor e burlas na lírica trobadoresca. Un estudo das cantigas paródicas galegoportuguesas*, A Coruña, Edicións do Castro, 2006; Socorro de Oliveira Brandão, *Escárnios de amor: do texto ao contratexto na lírica galego-portuguesa*, Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2006.
19. Graça Videira Lopes, *Cantigas de escárnio e maldizer dos trovadores e jograis galego-portugueses*, Lisboa, Estampa, 2002.
20. Lopes - Ferreira *et al.*, *Cantigas Medievais*, ob cit.
21. Véxanse a este respecto as consideracións de Déborah González Martínez, *O cancionero de Fernan Fernandez Cogominho*, Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 2012, pp. 149-150.

e non lhe-lo quer'eu ja máis negar;
 e, pois me deles non poss'amparar
 nen me leixan encobrir con meu mal,
 direi-lhes eu a verdade e non al: 5
direi-lhes ca ensandeci
pola melhor dona que vi,

nen máis fremosa (lhes direi de pran,
 ca lhes non quero negar nulha ren
 de mia fazenda, ca lhes quero ben), 10
 nen pola que oj'eu sei máis de prez;
 e, se m'ar preguntaren outra vez,
direi-lhes ca ensandeci
pola melhor dona [que vi].

E, Deu-lo sabe, quan grav'a min é 15
 de lhes dizer o que sempre neguei!
 Mais, pois me coitan, dizer-lhe-la ei
 a meus amigos, e a outros non,
 mui gran verdade, si Deus me perdon:
direi-lhes ca ensandeci 20
[pola melhor dona que vi].
 (...)

Nuno Fernandez Torneol (D'Heur 170 / Tavani 106,15)

Reparemos en que na terceira estrofa o trobador di que só contará a súa situación aos seus amigos, mais a razón desta confesión é porque cre que se eles a ven entenderán por que está así e deixarán de o importunar con preguntas (*Mais, pois me coitan, dizer-lhe-la ei / a meus amigos, e a outros non*, vv. 17-18). Na realidade, por veces, a voz dos amigos –como acontece aquí– pode chegar a se confundir coa dos *miscradores* ou *cousidores*, que non pretenden senón «enturbiar las relaciones, normalmente causando el recelo e incluso la aversión de la *senhor* ante las fer-vientes declaraciones de quien la ama profundamente»²². Como sabemos, trátase dunha figura tamén presente na poesía provenzal, o *lauzengier*, que –seguindo a

22. Mercedes Brea, «Anotaciones sobre la función de los *miscradores* en las cantigas de amor gallego-portuguesas», *Cultura Neolatina*, LII, 1-2 (1992), pp. 167-180, cit. p. 176.

descrición de Köhler²³– designa un tipo, pois é sempre anónimo e ten un valor colectivo; alén disto, configúranse como maldicentes, envexosos e adultores que queren aproveitarse da dama con enganos.

Agora ben, non deixa de resultar sorprendente que fronte á actitude case combativa dos amigos a respecto do namorado, el aínda mostre certa deferencia e aprezo cara a eles dicindo que non desexa ocultarlles os seus sentimentos, pois os quere ben: *ca lbes non quero negar nulha ren / de mia fazenda, ca lbes quero ben* (vv. 9-10). Noutros textos de amor²⁴ esta estima que o namorado lles profesa aos seus compañeiros vén expresada a través do «desamparo» que o suxeito poético sente ao non contar co apoio dos seus compañeiros que o abandonan pola actitude vital que este adopta ao decidir servir a unha *senhor* que o rexeita.

4. TERMO

Este breve percurso polas cantigas de amor en que comparecen os amigos do namorado, ofrécenos diversas conclusións tanto a respecto das características da voz dos compañeiros, como tamén sobre as súas intencións ou comportamento para co propio trovador. Así, en primeiro lugar queremos insistir nun dato numérico, xa que aínda que os amigos do namorado comparecen dun ou doutro modo en algo máis de sesenta composicións, a súa voz só se manifesta en media ducia de textos debido a que en boa parte deles o papel dos amigos fica reducido a seren confidentes do poeta. Alén disto, e nos casos en que se transmiten as súas consideracións e preguntas, estas aparecen encubertas entre as palabras do propio trovador, cunha única excepción: a antecitada cantiga de Pero Mafaldo.

Por outra parte, esa voz «velada» dos amigos é colectiva e presenta varias modalidades que por veces se entrelazan. Temos un discurso interpelativo e intrusivo a través do cal os amigos preguntan ao poeta a identidade da súa dama ou cal é o estado da súa relación; aparece tamén unha voz informativa e asesora que advirte ao namorado de situacións como o rexeitamento que lle profesa a muller ou a necesidade de se afastar dela para deixar de sufrir coita de amor; unha última modalidade sería a que solicita un comportamento, como por exemplo que non sirva á súa *senhor*.

A priori cabería entender que os amigos pretenden coa súa actuación o benestar e a tranquilidade do poeta, mais na realidade coas súas preguntas e

23. Erich Köhler, *Sociologia della fin'amor. Saggi trobadorici*, Padova, Liviana Editrice, pp. 24-25.

24. Véxase, entre outros, *Senhor, todos mentenden ja* (D'Heur 107 / Tavani 104,10) de Nun'Eanes Cerzeo.

requirimentos intentan levar o namorado á ruptura dos principios canónicos do xénero de amor, incitándoo a quebrantar o segredo amoroso ou a que deixe de ver e de servir á dama. Con todo, e a pesar de que o trovador sempre responde ás cuestións que lle formulan, fáino de xeito ambiguo e impreciso, evitando caer nos seus sarillos, rexeitando os seus consellos e mantendo o seu comportamento, como se se tratase dunha proba que debe sortear, acadando así o triunfo dos preceptos do amor cortés.